

Vigo Escola Municipal de Música

Camiño do Regueiro, 1 - 36211 Vigo www.esmuvigo.es
986 410 785 info@esmuvigo.es

**CONCELLO
DE VIGO**



PROCESO DE MATRICULACIÓN DE NOVO ALUMNADO

1-FASE DE PREINSCRICIÓN 2017-2018

As persoas que queiran optar a praza na Escola Municipal de Música de Vigo, en Música e Movemento e en 1º curso das diferentes especialidades, deberán realizar a PREINSCRICIÓN no período comprendido entre o 26 DE XUÑO AO 8 DE SETEMBRO (ambos inclusive), enchendo o impreso de preinscrición establecido para o efecto a través da páxina web www.emnavigo.org

A oferta das prazas vacantes tanto de instrumento coma de Música e Movemento será publicada na paxina web www.esmuvigo.es da escola o día 26 de xuño.

Os solicitantes deberán ter como mínimo 4 anos cumpridos no ano 2017. É imprescindible estar empadroadado en Vigo.

A orde en que se realice a preinscrición non dá dereito a ningún tipo de preferencia na adjudicación de prazas, tendo todos os preinscritos os mesmos dereitos, independentemente da data de preinscrición. Soamente se poderá facer unha única inscrición por persoa.

Unha vez finalizado o prazo establecido, publicarase o listaxe provisional das preinscricións o 13 de setembro, abríndose o prazo de corrección de erros ata o 14 de setembro de 2017.

2-FASE DO SORTEO

O DÍA 15 DE SETEMBRO ÁS 17.00 terá lugar o sorteo na Escola Municipal de Música de Vigo.

Desenrolo do sorteo:

Cada persoa inscrita nun curso terá un número asociado á mesma. Os números serán correlativos, empezando co número 1, e se asocian ás persoas seguindo a data de inscrición, é dicir, á primeira persoa inscrita terá asociado o número 1, e a última inscrita terá asociado o derradeiro número da serie.

A listaxe da relación de persoas e números asociados farase público o mesmo día do do sorteo.

Unha vez estean publicadas todas as listaxes de relación de números e persoas, procederase ao sorteo.

Para a obtención de cada número do sorteo utilízase a función mt_rand() de PHP. Esta función utiliza o algoritmo Mersenne Twister, un xerador de números desenvolvido en 1997 por Makoto Matsumoto y Takuji Nishimura, reputado pola súa calidade. A medida que vaian saíndo números do bombo virtual, retíranse do bombo, ata que non quede ningún.

A orde segundo saia os números será a utilizada, tanto nos admitidos como nas listaxes de agarda.

3- MATRICULACIÓN

O 16 de Setembro publicarase na páxina web da Escola de Música www.esmuvido.es a LISTAXE das persoas que conseguisen praza, tanto en música e movemento, coma nas demais disciplinas.

O proceso de matrícula será dende o 22 ao 29 de setembro, de 16.00 a 20.00h na secretaría da escola.

Pasado o período de matriculación, todo aquel que non formalizase a súa matrícula perderá todos os seus dereitos como agraciado no sorteo.

Para a formalización da matrícula será imprescindible a presentación de:

- 1 fotografía
- Volante de empadramento
- Informe médico (conforme non teñan ningún impedimento que lles permita realizar a actividade musical)
- Datos bancarios

Todos os novos alumnos que soliciten a exención de taxas (documento que está na páxina web do centro) deberán achegar unha copia da mesma en secretaría antes do 30 de setembro. De non ser así, se emitirán os recibos de matrícula e mensualidade.